


Fundación Eugenio Granell



Corpos recortados

Amparo Segarra

Amparo Segarra, *Sistema métrico*, 1990. Colaxe.
Colección Fundación Eugenio Granell

A Fundación Eugenio Granell presenta a exposición **Corpos Recortados de Amparo Segarra**. Un proxecto comisariado por Eduardo Valiña que poderá visitarse no segundo andar do museo, na sala Amparo Segarra.

A exposición componse dunha selección de obras nas que Amparo Segarra, a través das súas colaxes ofrece unha reflexión arredor do corpo humano como eixe central de parte das súas composicións.

O corpo nu, masculino e feminino, nas diferentes etapas da vida, enteiro, fraccionado ou creado a partir da unión dos diferentes xéneros para concibir unha nova imaxe que demanda a artista dende a diversidade e o respecto cara a muller e as minorías.

Neste senso a muller represéntase como artífice das composicións fronte a unha masculinidade dominante que Segarra afronta dende diferentes ópticas para denunciar a discriminación sexual nas diferentes partes do mundo.

Por outra banda a mostra complétase con pezas que xogan coas ironías a través da unión de distintos elementos xerando un humor ácido en relación á imaxe masculina ou de forma sarcástica aos desequilibrios sociais onde as mulleres son presentadas como as principais vítimas do sistema.

Amparo Segarra comezou o seu traballo plástico en unión con Eugenio Granell interesada pola técnica da fotomontaxe. Nos anos 50, realizaba colaxes destinadas ao ensino do alumnado do pintor pero o período máis frutífero da súa obra foi o que comprende desde o seu traslado a Nova York en 1956, ata a súa volta a Madrid, en 1985. Nas primeiras composicións dos anos 50 traballou conxuntamente con Granell componendo a parte da colaxe e Granell a parte pictórica. Era unha iconografía feminina que mostraba mulleres de clase alta, protagonistas desas revistas, polo que o seu traballo ten unha lectura de clase. A maioría da súa produción foi durante a súa estancia en Nova York onde se aprecia a influencia da arte pop. Abandona os fondos con debuxo e pintura para substituílos por recortes de revistas con composicións máis precisas e cunha mensaxe máis profunda. As mulleres seguiron sendo as protagonistas das súas composicións e tratou temas como a cousificación, o consumo de drogas, os valores relixiosos, o uso do burka ou a identidade sexual a través de figuras andróxinas. Foi actriz de teatro desde 1944 a 1969, durante as súas estancias en Porto Rico e Nova York. E tamén confeccionou o vestiario dalgunhas desas obras teatrais. Volveu a España no 1985 e instalouse en Madrid ata o seu falecemento en 2007.

Eduardo Valiña
Comisario

Cuerpos recortados. Amparo Segarra

La Fundación Eugenio Granell presenta la exposición **Cuerpos Recortados de Amparo Segarra**. Un proyecto comisariado por Eduardo Valiña que podrá visitarse en la segunda planta del museo, en la sala Amparo Segarra.

La exposición se compone de una selección de obras en las que Amparo Segarra, a través de sus collages ofrece una reflexión alrededor del cuerpo humano como eje central de parte de sus composiciones.

El cuerpo desnudo, masculino y femenino, en las diferentes etapas de la vida, entero, fraccionado o creado a partir de la unión de los diferentes géneros para concebir una nueva imagen que demanda la artista desde la diversidad y el respeto hacia mujer y las minorías.

En este sentido la mujer se representa como artífice de las composiciones frente a una masculinidad dominante que Segarra afronta desde diferentes ópticas para denunciar la discriminación sexual en las diferentes partes del mundo.

Por otra parte la muestra se completa con piezas que juegan con las ironías a través de la unión de distintos elementos generando un humor ácido en relación a la imagen masculina o de forma sarcástica a los desequilibrios sociales donde las mujeres son presentadas como las principales víctimas del sistema.

Amparo Segarra comenzó su trabajo plástico en unión con Eugenio Granell interesada por la técnica del fotomontaje. En los años 50, realizaba collages destinados a la enseñanza del alumnado del pintor pero el período más fructífero de su obra fue lo que comprende desde su traslado a Nueva York en 1956, hasta su vuelta a Madrid, en 1985. En las primeras composiciones de los años 50 trabajó conjuntamente con Granell componiendo la parte del collage y Granell la parte pictórica. Era una iconografía femenina que mostraba mujeres de clase alta, protagonistas de esas revistas, por lo que su trabajo tiene una lectura de clase. La mayoría de su producción fue durante su estancia en Nueva York donde se aprecia la influencia del arte pop. Abandona los fondos con dibujo y pintura para sustituirlos por recortes de revistas con composiciones más precisas y con un mensaje más profundo. Las mujeres siguieron siendo las protagonistas de sus composiciones y trató temas como la cosificación, el consumo de drogas, los valores religiosos, el uso del burka o la identidad sexual a través de figuras andróginas. Fue actriz de teatro desde 1944 a 1969, durante sus estancias en Puerto Rico y Nueva York. Y también confeccionó el vestuario de algunas de esas obras teatrales. Volvió a España en el 1985 y se instaló en Madrid hasta su fallecimiento en 2007.

Eduardo Valiña
Comisario